



### PRESENTACIÓN

---

Rosalía, Jiñol, o Sr. Bulú e o Policia ven alterada a súa vida pola inesperada chegada dun paquete que contén nada máis y nada menos que ... ¡un cocodrilo!

Este é o principio dunha historia dinámica e divertida, contada con títeres de luva, na que as distintas situacións da obra xiran entornando ao comportamento que os títeres teñen co intruso.

A evolución deste conto desemboca nun inesperado final.

### SINOPSIS

---

A estúpida idea do Sr. Bulú de facerse uns zapatos, achega ao teatriño un estrano paquete dun lonxano país.

¡Que nervios ten o Sr. Bulú! ... Pero ... pero ... ¿esto que é???? ¡Socorro, socorro! ¡Un cocodrilo! ¡Policiaaaaaaaaaa!

A partir deste intre as mais absurdas situacións sucedense sin orden nin concerto.

Jiñol, contratado polo Sr. Bulú, constrúe ca última tecnoloxía “punta” os máis diversos artiluxios para dar caza ao cocodrilo. O Policia, cachiporra en ristre, acosa incesantemente ao reptil para atraelo as trampas que prepara Jiñol.

¡Agora! ... ¡Piiiiiiiiiiii! ... ¡Delle! ... ¡Plas, pum! ...

¿pero... Sr. Bulú ... que facia vostede ahí?

Namentres, Rosalía, a filla de Jiñol, farta de que o seu pai sempre este traballando e non lle faga caso, decide que ter unha mascota é unha grande idea, sobre todo si se trata dun enorme cocodrilo verde.

¡Seguro que a papá vaille encantar!

As distintas relacións das persoaxes co animal desembocan nun encontro no que ...

¡Coidado, Sr. Bulú, coidado co...! ¡Piiiiii! ¡Plas! ¡Ai! ¡Nenaaaa! ¡Papaaaaaaa! ¡Piiiiiiiiiiii!

¡Ai!, ¡Esto non funciona!, Papa, escoita ... ¡Piiiiiiiiii! .....¡Ai, ai!

Algo inesperado acontece de súpeto, algo que a ninguén se lle pasara pola cabeza, algo ... algo que vas ter que vir ver.

### TÉCNICA

---

Hai catro arquetipos, catro formas de teatro de títeres clásicas: o títere de luvas, o títere de varíña, a marioneta e a sombra chinesa. A técnica que escollimos para contar esta historia é o títere de luvas, a máis popular, na que o grotesco é o principio fundamental do seu carácter, esta cualidade caricaturesca é o motor da súa forza satírica.

Esta técnica, en aparencia tan sinxela, permite unha manipulación directa, na que cada estímulo da man produce unha resposta do títere que o convirte nun pequeno actor capaz de emocionarnos e asombrarnos incluso a nos, os seus manipuladores.

Froitas e hortalizas foron a inspiración, pola pureza das súas formas, no intre de deseñar as cabezas. O ollos danlle ao rostro a característica decisiva para a irradiación da figura. O Sr. Bulú, por exemplo, é un limón

Unha funda con mangas sumarias, case sempre non maiores cas mesmas manciñas, configura a luva na que o titiriteiro inserta a man. A asimetría da man pode mitigarse facendo o traxe máis simétrico.

O Sr. Bulú, rico empresario, luce traxe de chaqueta en tonos mostaza.

## FICHA ARTÍSTICA Y TÉCNICA

---

<b>Compañía:</b>	Tropicallo
<b>Título:</b>	"Jiñol"
<b>Xénero:</b>	Comedia
<b>Autor:</b>	Marian e Luis González
<b>Dirección:</b>	Beatriz Sánchez
<b>Manipuladores:</b>	Marian González e Luis González
<b>Música:</b>	Nacho Sanz (composición) / Carlos Canto (montaxe)
<b>Deseños:</b>	Tropicallo
<b>Títeres:</b>	Luchi (talla), Marigeli e Marian (vestimenta)
<b>Técnica:</b>	Títeres de luva
<b>Unidade Didáctica:</b>	Eva Sanz
<b>Montaxe / Desmontaxe:</b>	2 horas / 1,30 horas
<b>Público:</b>	Todoos públicos
<b>Duración:</b>	50 minutos
<b>Necesidades escénicas:</b>	Toma de corrente 220 Voltios - 2.000 Watios



Tropicallo